



## RESOLUCIÓN DO VICERREITOR DE TITULACIÓNS E INTERNACIONALIZACIÓN, MEDIANTE A QUE SE ACLARA A SITUACIÓN DE ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL DOS ESTUDANTES CON BECAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL PARA PRÁCTICAS EN EMPRESAS

A convocatoria Erasmus+ Prácticas SMT 2024/25, publicada en sede electrónica o 4 de marzo de 2024 estipulaba no seu apartado "XII ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL", o seguinte:

*"A alta na Seguridade Social do estudiantado en prácticas quedará suxeita ao disposto na Disposición adicional quincuaxésima segunda do texto reformado da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro e modificado polo Real Decreto-Lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións."*

O 19 de marzo de 2024 publicase en sede electrónica a RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE O RÉXIME XURÍDICO APLICABLE ÁS PRÁCTICAS EXTERNAS, na que se especifica que *"Desde o 1 de xaneiro de 2024 o alumnado que realice prácticas externas, remuneradas ou non, debe de estar incluído no sistema da Seguridade Social"*. Do mesmo modo, a resolución indica que *"Nas prácticas externas remuneradas, o cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá a estos efectos a condición de empresario"*. Respecto das prácticas non remuneradas, a citada resolución indica que *"Nas prácticas externas non remuneradas, o cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social será asumido pola UDC, salvo que se pacte expresamente outra cousa no convenio que se suscriba"*.

Polo exposto, **RESOLVO**:

1. Que o tratamento das prácticas do programa Erasmus+ Prácticas SMT, e a inclusión do estudiantado na Seguridade Social, realizárase ao abeiro do expresado na resolución reitoral arriba indicada.
2. Que ao ser a UDC o organismo que concede e financia a mobilidade de prácticas con fondos que recibe da UE a través do SEPIE, asumirá a UDC a condición de empresario.
3. Que aquelas mobilidades que se concedan baixo a modalidade "Erasmus+ con beca cero" terán o tratamento de prácticas non remuneradas e, por conseguinte, será tamén a UDC quen asuma a estos efectos a condición de empresario.

A Coruña, 19 de abril de 2024

O Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización  
Moises Canle López

Código Seguro De Verificación	xKFX4rLm6xbESWJ7kiI6uA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	22/04/2024 11:27:51
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/xKFX4rLm6xbESWJ7kiI6uA==">https://sede.udc.gal/services/validation/xKFX4rLm6xbESWJ7kiI6uA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

